

ARTIGO 5. PERÍODO IMPOSITIVO E REMUNERACIÓN.

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día en que se produza dita adquisición.

2. O imposto remunérase o primeiro día do período impositivo.

3. O importe da cota do Imposto prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o prorrato da cota nos mesmos termos e nos supostos de baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, e elo dende o momento en que se produza dita baixa temporal no rexistro público correspondente

ARTIGO 6. XESTIÓN.

A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria corresponderá a esta Administración Municipal.

As altas faranse mediante autoliquidación polo interesado ou representante a través do impreso que se lles facilitará para a súa tramitación.

ARTIGO 7. XUSTIFICANTES DE PAGO

Os documentos que servirán de xustificantes de pago serán os recibos emitidos cos correspondentes padróns no caso do cobro periódico, e o xustificante de ingreso da autoliquidación no caso das altas novas que se expedirán pola administración municipal unha vez realizado o ingreso que corresponda.

A Xefatura Provincial de Tráfico non tramitarán os expedientes se non se acredita previamente o pago do Imposto, nos termos establecidos no presente Artigo.

DISPOSICION DEROGATORIA

Queda derogada a anterior ordenanza municipal reguladora deste imposto e todas aquelas disposicións emanadas de órganos municipais que se opoñan ou contradigan o presente texto articulado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión realizada o día vinte e nove de setembro de 2011, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil doce, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS**ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA**

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co previsto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola celebración de matrimonios civís nas dependencias municipais, que se regula na presente Ordenanza segundo o disposto no artigo 57 do RDLex. 2/2004.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade administrativa desenrolada como consecuencia da prestación dos servizos asociados á celebración de matrimonios civís a instancia da parte interesada.

2.—Non se inclúe nesta taxa a tramitación do expediente gubernativo previo ao matrimonio civil nin a posterior expedición do Libro de Familia.

ARTIGO 3.—SUXEITOS PASIVOS

Os suxeitos pasivos contribuíntes son os contraentes, que quedan obrigados de modo solidario ó seu pagamento, por si mesmos ou ben polos seus representantes.

ARTIGO 4.—COTA TRIBUTARIA

As cantidades que se fixan por cada casamento son as seguintes:

- a) Para o caso de que ambos contraentes, ou polo menos un deles, constasen inscritos no Padrón municipal de habitantes do Grove dende un ano antes, polo menos, á data de presentación da solicitude: 100 euros.
- b) Nos demais casos: 200 euros.

ARTIGO 5.—DEVENGO E INGRESO

1.—A obrigación de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace no momento no que se inicia a prestación do servizo, entendéndose por tal a presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

2.—Os solicitantes do servizo están obrigados a presentar a pertinente declaración nos impresos habilitados ó efecto polo Concello e a realizar o ingreso da liquidación resultante na Tesourería Municipal ou nas entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar tamén no momento de presentar a correspondente solicitude.

3.—No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude, e antes da comunicación da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederase á devolución do 75 por 100 do importe sinalado no artigo 4 desta ordenanza.

4.—A celebración de vodas civís estará supeditada aos actos propios do Concello.

ARTIGO 6.—EXENCIONS E BONIFICACIÓNS

Establécese unha bonificación do 50% da tarifa da taxa naqueles casos en que no momento de presentación da solicitude ambos contraíntes perciban retribucións que non alcancen 1,1 veces o salario mínimo interprofesional, previa acreditación documental deste extremo por parte dos contraíntes.

ARTIGO 7.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

En todo o relativo ás infraccións tributarias desta ordenanza e á súa cualificación, así como ás sancións que procedan, aplicárase o disposto na Lei Xeral Tributaria e a restante normativa de aplicación.

ARTIGO 8.—NORMAS DE XESTIÓN

1.—Sen prexuízo da manifestación da vontade dos contraentes –segundo a normativa do Rexistro Civil–, para que o enlace sexa autorizado polo alcalde ou concelleiro en que delegue, deberase formular a solicitude na que conste o nome, apelidos e DNI de cada contraente, así como o seu lugar de residencia e teléfono de contacto e/ou correo electrónico. Tamén deberá constar a data e hora elixida para a cerimonia, así como, a elección do alcalde/sa ou concelleiro/a que celebrará o enlace, que se terán en conta dentro da dispoñibilidade existente.

2.—Esta solicitude presentárase no Rexistro Xeral do Concello, cunha antelación mínima de 15 días ao da celebración do enlace, mediante escrito asinado por un dos contraentes, ou polo seu representante, dirixido ó alcalde e acompañado dos seguintes documentos:

No caso da letra a) do artigo 4, a correspondente certificación de empadramento.

En todo caso, o xustificante do ingreso da taxa.

Fotocopia do DNI das dúas persoas que vaian a exercer de testemuñas do matrimonio.

ARTIGO 9.—RESOLUCIÓN

O/A alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue resolverán sobre a solicitude, fixando a data e hora de celebración do matrimonio civil e notificaranllo aos interesados/as.

ARTIGO 10.—ACTO DE CELEBRACIÓN

No acto de celebración do matrimonio, unha vez cumprimentadas as formalidades previstas na normativa vixente, estenderase, por triplicado exemplar, un acta que deberá ser asinada polo/a alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a autorizante, así como polos contraentes e testemuñas. Un dos exemplares entregaranse aos contraentes. Outro remitirase con carácter inmediato ao Xulgado de Paz de O Grove coa finalidade de que se inscriba o matrimonio no Rexistro Civil e se faga entrega aos casados do Libro de Familia. O terceiro exemplar quedará no Libro de Actas de Casamentos en poder do Concello.

ARTIGO 11.—ORNAMENTO E LIMPEZA

1.—Cando o desexen, os/as contraentes poderán ornamentar e acondicionar o Salón de Actos ou a Sala de Xuntas da Casa do Concello, sendo do seu cargo os gastos que de elo se deriven. Deberán comunicalo coa debida antelación para resolver o que proceda.

2.—Co fin de garantir a limpeza e decoro da Casa do Concello, os/as contraentes e convidados/as, ao enlace absteranse de lanzar arroz ou similares no interior do edificio.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de setembro de dous mil once, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín da Provincia e será de aplicación a partir desta data, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Grove, 23 de novembro de 2011.—O Alcalde, Miguel A. Pérez García.

2011011669

* * *

A ILLA DE AROUSA**NOTIFICACIÓN POR COMPARECENCIA.**

Ao non se poder practicar directamente a notificación persoal ás persoas que posteriormente se relacionan, pese a intentalo na forma debida, procédese, de conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria a efectuar a notificación na que o/a interesado/a, expedientes e procedementos se relacionan a seguir.

En virtude do anterior dispoño que a persoa interesada ou o seu representante debidamente acreditado deberá comparecer no prazo de quince días naturais, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de luns a venres, de 9 a 14 horas nas oficinas do Concello de A Illa de Arousa, sito na rúa Palmeira nº 25, aos efectos de practicarlle a notificación de dito acto advertíndolle que, transcurrido dito prazo sen comparecer, a notificación se entenderá producida a todos os efectos legais o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado (Art 112.2 Lei 58/2003, xeral tributaria).

Cando o inicio dun procedemento ou calquera dos seus trámites se entendan notificados por non comparecer o obrigado tributario ou o seu representante, se lle terá por notificado das sucesivas actuacións e dilixencias do dito procedemento e se manterá o dereito que lle asiste a comparecer en calquera momento do mesmo.

DNI	NOMBRE	EXERCICIO	NLIQUIDACION	CONCEPTO
35477697J	OUBIÑA FERNANDEZ ABEL	2011	1975	Taxa construcións, instalacións e obras
X1299706E	FAYE MODOU FALL	2011	1995	Taxas municipais: Servizo de mercado

A Illa de Arousa, dez de novembro de dous mil once.—O alcalde-presidente, José Manuel Vázquez Vázquez.

2011011240

NOTIFICACIÓN POR COMPARECENCIA

Ao non se poder practicar directamente a notificación persoal ás persoas que posteriormente se relacionan, pese a intentalo na forma debida, procédese, de conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria a efectuar a notificación na que o/a interesado/a, expedientes e procedementos se relacionan a seguir.

En virtude do anterior dispoño que a persoa interesada ou o seu representante debidamente acreditado deberá comparecer no prazo de quince días naturais, contados dende o seguinte ao da